



PONTESURES





[...]“Por de fronte da estación de Cesures e de Casa Loureiro, chama a atención o conxunto de tres edificacións de fermosa cantería. As laterais, con horta e xardín, son vivendas. A central, o alfolín, fautoría, leva inscrita so o topete da fachada a súa función primitiva, aínda que efímera (almacéns da renda do tabaco) e data de construción (1795)”.

[...]“En Carreiras paramos un algo no cruceiro, cheo de numerosas inscricións, como pode observarse, e centro tamén de ritos e lendas”.

[...]“Son estas aldeas do alto polas que vén o camiño de Santiago en corredeiras, lugares encantadores e moi paseables. O sol quixo saír e non puido. Os lameiros botan as primeiras flores, prímulas nos arrós, paxarada moita e nas pozas verdes han cantar as arrás”.

[...]“Axiña entramos en Infesta polo camiño de Santiago. É parada obrigada o Miradoiro do Pino Manso, o máis accesíbel sobre o Ulla e o seu esteiro, paisaxe tamén industrial. Deulle nome un fermoso e moi fungón piñeiro derrubado. Medra agora no sitio outro pequeno rumoroso. As cousas máis que seren, fanse, facémolas eternas”.

[...]“Aí abaixo, pasando a estrada, onde está a nova Casa do Concello, era o campo da feira, da feira do doce, e púñase festa no Carme. Era o primeiro domingo de setembro pero foi cambiada.

A festa do Carme é de mariñeiros. Pois claro, Cesures é mariñeiro, e Porto e Requeixo e Infesta... Pois velaí tes Cesures. Hai tempo seguramente non máis de catro casas e chabolas para alá do Lazareto, Hospital de leprosos, malatería, que tiña a súa ermida ou capela medieval, ata a que chegaba a auga do Ulla nas cheas. Aínda hoxe se celebra intensamente a festa do San Lázaro e veñen romeiros de toda a bisbarra. O crecemento de Cesures é recente”.

[...]“Falara con Borobó aquel día da gloriosa Cerámica Celta, historia da súa familia. De cómo iniciou o vigués Uxío Escuredo no Cantiño a Cerámica Artística Galega de Pontecesures que logo con Ramón Diéguez ía ser Cerámica Celta na Caleira. Falárame dos deseñadores, de Asorey (“O tesouro”), de Castelao (“O cabirto”, realizado polas mans de Víctor García, pai de Borobó), de Maside, Sobrino, Acuña, Manolo Torres, Bonome, Sesto, Oria Moreno...”.

Do libro
Terra de Iria, viaxe ó país de Rosalía,
de Anxo Angueira.



Dende o punto de vista turístico e cultural, Pontecesures é un enclave fundamental dentro do fenómeno xacobeo, pola súa estratéxica situación tanto na ruta portuguesa como na do Mar de Arousa e Río Ulla. Unha ruta, esta última, marítimo-fluvial que conmemora a chegada a Galiza, por mar, do corpo do Apóstolo Santiago o Maior, tras o seu martirio en Xerusalén, no ano 44. Segundo conta a tradición, entraron pola Ría de Arousa e remontaron o río Ulla, arribando á cidade romana de Iria Flavia. A este especial atractivo hai que sumarlle o conxunto de estruturas arquitectónicas tamén cargadas de historia e que á súa vez, contribúen a que esta vila conte cun gran atractivo para os turistas.

O visitante atopará neste concello, no límite entre as provincias de Pontevedra e A Coruña –Ulla por medio–, fermosos cruceiros coma o da obra Pia de San Lázaro, o de Carreiras... Ademais, entre a arquitectura civil cómpre salientar o edificio das rendas do tabaco “Alfolí”, o pazo da Cova, do século XVIII, e a capela de San Xulián, de nave única, conserva valiosos restos románicos e indubidables vencillos coa historia das peregrinacións a Compostela.

Xa dentro do presente século pódese citar o revulsivo experimentado por ese feito xacobeo, inseparable de Pontecesures, e elementos senlleiros, como o “coche de pedra”. A antiga tradición artesá do municipio está presente no taller de


velas, na Escola Ceramista ou nas figuras da cerámica celta.

En definitiva, en certa medida Pontecesures é, no contexto do país galego, o que a propia Galiza a nivel global. Un lugar cheo de personalidade, riqueza e atractivos que namora aos visitantes que se achegan por diferentes vías.

Toda esta riqueza patrimonial e cultural require a atención da Consellaría de Innovación e Industria que apoiará todas as iniciativas que, coma esta guía turística, contribúan a potenciar o sector turístico do concello.

Quixera loubar o traballo dos promotores desta publicación que constituirá un excelente material promocional e práctico para o coñecemento de Pontecesures e do seu entorno.

Fernando X. Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria.





A casa dos Magáns, a igrexa, os cruceiros, a cara de serpe da fonte da praza do pobo, as vías do tren, o pino manso, as festas, o Ulla...

Co paso dos anos cambian as perspectivas que un ten sobre o seu pobo. Co tempo aparecen cousas, casas, xentes... que aínda que sempre estiveron parecían non estar.

O noso pobo, Pontecesures, é un pobo dinámico como foi historicamente, pero é tamén un lugar aberto, un lugar onde deterse, un curruncho para pensar, para xogar, para rir...

Veciño e viaxeiro, deixa que te sorprenda esta normalidade aparente que estás a disfrutar e permítete descubrir un Pontecesures amable, acolledor e tamén, coma nós mesmos, vulnerable.

Bo camiño aos de aquí e aos que están de paso.

M. Luis Álvarez Angueira
Alcalde de Pontecesures



01

*indo dun lado para outro
levando as poucas pertenzas xuntadas
podes esquecer nalgún momento
o lugar onde empezaches a viaxe*

Franck Meyer



02

*A San Lois vexo brillando
bañado por tintas puras,
sol e sombras amostrando,
en reposo contemplando
montes, augas e verduras.*

Rosalía de Castro

03

04



05

...e oir o estropicio tremendo das bombas de palenque que disparan os valeiros a bordo das súas dornas, ao paso polo muelle, da tradicional e típica procesión da Virxe do Carme. Pois o que non se ve nin se escoita, adviñase ou consérvase nos miolos da memoria máis lonxana e leda.

06

Raimundo García Domínguez "Borobó"




07

O efecto sorprendente cando de repente un ve tomates vermellos nun curruncho amontoados sen antes sequera ter pensado en tomates. Esa é unha imaxe que no acto te derriba, en pleno día un puñetazo, suavemente pegado nos dous ollos.

Rolf Dieter Brinkmann

08





09

10

11

12

*Pola mesa
esparexidos
engobes
pinxeis
barbotina
eu vernizo
ti dás vida
a esta deliciosa alquimia*

Elvira Riveiro



13

*Afogou o mariñeiro
sedento de primaveras.*

Cándido Duro

14



15



16



17

Capela de San Xulián

Capela románica feita construír polo Bispo Xelmírez, cunha remodelación no 1918 na que se atoparon restos romanos, que foron catalogados polo Museo Provincial de Pontevedra.

*Cuspídeme enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida e de furia necesaria.*

Lois Pereiro

18



20



21



19



*Así podemos marchar
no único sentido posíbel
ou esperar o avalo dos viaxeiros
para sentirnos expandidos nas miradas estrañas
que chegan arrastrando as bambolinas do mundo.*

Luisa Villalta



22

*Todo pasou. A vida
foi polo tempo dando tombos.
De todo me esquencín. Soio me lembro
daquil Edén, na sombra daquil horreo.*

Celso Emilio Ferreiro.

23



25



24





26

*Canta a pedra, durmida e acochada,
da terra nai no garimoso seo,
esperta do seu sono milenario
e quer ser oración e pensamento,
florece nun varal, estendo os brazos,
e póndose de pé faise cruceiro.*

Ramón Cabanillas



27

Cruceiro de Porto

Cruceiro do século XX que se atopa na Praza dos Valeiros, no lugar de Porto.



28

Fito Xacobeo

Inaugurado o 21 de agosto de 1966 con motivo da Ruta Fluvial Xacobeá a través do Río Ulla.



29

Cruceiro de Carreiras

Data do ano 1747. No nacente figura a imaxe da Raiña dos Anxos, patrona do lugar.



30

Cruceiro de San Xulián

Cruceiro do século XIV que pertenceu á desaparecida capela de San Lázaro. Cabe sinalar que a capela formaba parte da Malatería ou Hospital de Leprosos, tamén chamado Obra Pía de San Lázaro.

31



A Ponte

Construída no século I, con remodelacións posteriores (a máis importante deseñada polo Mestre Mateo no século XII). Consta de dez arcos sobre o río Ulla e une as provincias de Pontevedra e A Coruña.

32



O Alfolí

Edificio barroco do século XVIII, destinado á almacenaxe de sal, tabaco, xofre... Testemuña da importancia de Pontecesures na época ao ser o único porto habilitado para a descarga de sal desde 1467. En 1990 sofre o incendio que destrúe todo o interior. Conserva na fachada o escudo borbónico e o seguinte texto: "LOS ALMACENES DE LA RENTA DEL TAVACO CONSTRUIDOS EN EL AÑO DE MDCCVC REINANDO EL SEÑOR DN CARLOS IV".

33



Pazo da Cova

Pazo galego, con escudo composto de oito linaxes e brasón de liña feminina.

37



Festas de San Roque

No barrio mariñeiro de Porto, celebración do San Roque. Puxa de ramos, mexillonada gratuíta e festa, moita festa.

38



Festa do Carme

O río sempre presente: no traballo, no deporte, no lecer... e como non, no Carme.

39



Festa de San Lázaro

O fervor relixioso e a mestría da industria local da cerería xúntanse nesta romaría tradicional, tan antiga coma o propio pobo.

34



Restaurante Olivo

Unha aposta pola cociña de autor nun espazo de coidado deseño.

35



Festa da lamprea

A lamprea a lume lento, sen présas... paga a pena.

36



A palabra

Relevantes personalidades son convidadas todos os anos para realizar o discurso inaugural da festa.

40



O xantar

A degustación da lamprea acolle a centos de persoas chegadas de toda Galicia.

41



Feira do automóbil


En 1925 celebrouse en Pontecesures a primeira Feira do Automóbil de Ocasión de toda España.

42



De copas

Fin de semana, o pobo convértese no centro da comarca e transfórmase para a movida.



RESTAURANTES

- CASA GÓMEZ**
Redondo, 23
36640 PONTECESURES
Teléf. 986 557 112
- CARABELA**
San Lois, 28
36640 PONTECESURES
Teléf. 986 557 508
- CHURRASCO O CANDIL**
Avenida dos Namorados, 29
36649 PONTECESURES
Teléf. 986 557 561
- A REDONDA**
Tarroeira, 1
36640 PONTECESURES
Teléf. 986 559 061
- OLIVO**
Avda. de Vigo, 12
36640 PONTECESURES
Teléf. 986 557 363
- PIZZERÍA BAMBINO**
Sagasta, 19 (Galerías)
36640 PONTECESURES
Teléf. 986 557 470
- O CHOCO**
Praza dos Valeiros, 4
36649 PONTECESURES
Teléf. 986 556 640
- PARRILLADA O ABRENTE**
Avda. de Arousa, 16
36640 PONTECESURES
Teléf. 986 557 327

TELÉFONOS DE INTERESE

- OFICINAS CENTRAIS DO CONCELLO:** 986 557 125 • 986 564 415
- ASISTENCIA SOCIAL:** 986 564 409
- OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL:** 986 564 410
- TÉCNICO LOCAL DE EMPREGO:** 986 564 403
- BIBLIOTECA:** 986 556 695
- POLICÍA LOCAL:** 986 564 411
- PROTECCIÓN CIVIL:** 986 557 600
- CENTRO DE SAÚDE:** 986 557 710 • 986 557 713
- XULGADO DE PAZ:** 986 564 404

FESTAS POPULARES

- | | | |
|---|---|---|
| 7 de xaneiro
FESTA DO PATRÓN DE PONTECESURES (SAN XULIÁN) | 1º fin de semana de xullo
FESTAS DA VIRXE DO CARME | 12 de outubro
FESTA DO PILAR (SAN XULIÁN) |
| 2º fin de semana de xaneiro:
FESTA DA RAÍÑA DOS ANXOS (CARREIRAS) | Xullo/Agosto
SUBIDA XACOBEO DO MAR DE AROUSA E ULLA
(Travesía fluvial dende Vilagarcía ata o peirao de Ponteacesures). | 12 ou 13 de decembro
FESTA DE SANTA LUCÍA (INFESTA) |
| Marzo - Abril
FESTA DA LAMPREA | 3ª semana de Agosto
FESTAS DE SAN ROQUE (PORTO) | |

Esta guía de Ponteacesures realizouse coa colaboración da Dirección Xeral de Turismo, Consellería de Innovación e Industria. Xunta de Galicia.

Edición e coordinación xeral: Taller de Insomnios (tallerdeinsomnios@yahoo.es).

Textos: Anxo Anqueira, Franck Meyer, Rosalía de Castro, Raimundo García Domínguez "Borobó", Rolf Dieter Brinkmann, Elvira Riveiro, Cándido Duro, Lois Pereiro, Luisa Villalta, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas.

Fotografías: Victor Mejuto páxinas: 2, 4, 6, 8 e portada. Fotos número: 01, 02, 03, 04, 06, 07, 08, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 34. Anxo Abalo páxina: 5. Fotos número: 05, 09, 10, 15, 32, 33, 35, 36, 37, 38, 39, 40. Antonio Cortés fotos número: 11, 12, 41, 42.

Deseño: Serxio Suárez

Estiveron e dixeron

Entre os meus dezaseis e vinte anos traballei de contable nas oficinas dun aserradeiro local e escribín moitas veces o nome de Pontecesures –ou Cesures simplemente–, ata cheguei aquí máis dunha vez acompañando camións cargados de madeira de piñeiro. Rematara a Segunda Guerra Mundial, Europa estaba desfeita e Galicia contribuíu á súa reconstrución exportando viguetas, canteado, táboas de grandores diversos... á conta de despoborar os nosos montes. Pontecesures era un punto de embarque.

Pero Pontecesures non era só un peirao para embarcar madeira. Era tamén e segue sendo, asento de pescadores, de esforzados traballadores do mar e do río nos que obteñen salmóns, lampreas, sábalos, reos, anguías, troitas e outras especies.

Eu que andei 43 anos por América foi alá onde descubrí Galicia...

Xosé Neira Vilas

En 1970 fun destinado á Agrupación Escolar Mixta de Pontecesures que logo se trocaría en Colexio Público de E.X.B. onde botei algo máis dos últimos trece anos da miña vida profesional. Lembranzas moi gratas do ensino, de moitos alumnos que lembro con agarimo. Aínda lembro cando cheguei aquí procedente de Zaragoza, cando prantei as árbores que aínda hoxe están diante das casas dos mestres.

[...] Pero deixémonos de vellos recordos, pois hoxe estou aquí como pregoeiro dunha festa: a Festa da Lamprea que vindes celebrando desde hai anos. Di ou dicía un refrán “non comas lamprea que non é san e ten a boca fea” ao que se lle podía opór o de “o que á fea quer, bonita lle parece”. A verdade é que xa os romanos non facían caso do primeiro refrán e os galegos aprendemos deles a valorar este prato exquisito para bos gourmets de dentro e de fóra do noso país...

Avelino Pousa Antelo

O luns de Pascua de 1967 foi a primeira vez que me detiven en Pontecesures. En máis dunha ocasión pasara pola “Via per loca maritima”, a actual 550, que determina a singularidade e a excepcional beleza do espazo portuario de Cesures. Pero nunca me detivera a pasear polos peiraos de pedra que naceron fenicios, medraron gregos, consolidáronse cartaxineses e chegaron ao seu esplendor como romanos.

[...] Pontecesures foi para min unha revelación. Unha mestura da doce Galicia imaxinaria, que todos levamos dentro, cos ríos caudalosos da Europa Central, ategados de barcazas e fábricas. A imaxe de Pontecesures dos anos sesenta, comparada coa miña Terra de Montes, era como un anaco da conca do Rhur metido na miña Galicia, ou como un presaxio das dúas Galicias que se debuxan hoxe nos informes económicos e demográficos.

[...] Concluirei, pois, con unha loubanza sinceira de Ponteceures, do seu solar e do seu río, do seu peirao e da súa romántica estación do ferrocarril, que fica aínda no medio da vila como se fora unha ilustración dunha novela costumbrista de finais do século XIX.

Xosé Luis Barreiro Rivas

E o traballo daquelas mulleres de Pontecesures (as patifas) que cargaban as patelas con peixe e, primeiro en burro e logo na camioneta do Mambís, vendían na zona de Veá e A Estrada. Sacaban unhas pequenas ganancias en cartos e volvían coa patela coa “limosna” (así se chamaba) que lle daban nas aldeas: espigas de millo, unhas patacas, un pouco de fariña e pan de millo.

Fóra da miseria desta forma de traballo sempre me pareceu moi interesante esta figura social da “venda”. A “venda” era un grupo de aldeas no que cada “patifa” tiña a exclusiva para vender o peixe. Este dereito era respectado por todas. Era case un dereito de propiedade.

Nalgunha ocasión que falei disto con amigos sociólogos interesoulles moito esta fórmula, coido que especifica de Pontecesures, de relación económica.

Gerardo García Fernández

¡Que río máis hermoso! ¡Y quien me iba a decir a mí, mientras en 2002 lo contemplaba desde el monte Meda, que dos años después sería invitado por el Ayuntamiento de Pontecesures a lanzar el pregón de una fiesta dedicada a las excelencias del pez rarísimo que esconde sus caudalosas aguas. Cosas de la vida.

Como es evidente, no me iba a presentar ante ustedes en ocasión tan señalada sin haberme informado primero acerca de las características de la lamprea. Ustedes saben –pero yo no lo sabía– que la etimología más habitual que se propone para “lamprea” es el latín LAMPRETA, que viene a significar “lame-piedra”, por el hecho de pegarse este pez, con sus ventosas, a piedras en el fondo de los ríos. Sebastián de Covarrubias, sin embargo, allá por 1611, no se dejaba convencer por tal etimología en su Tesoro de la lengua castellana o española, y optaba por una raíz griega que significa “brillo” porque, como allí dice, la lamprea “es de los pezes que no tienen escamas, su piel es muy tersa, y quando se saca del agua parece resplandecer”.

Ian Gibson